



Sistema de coordenadas:
Proxección: (U.T.M.) European Datum 1950 Zona 29N
Unidades: metros



Número de ficha: **1**

Ámbito de requalificación: **Mar de Fóra**

Parroquia: **San Martiño de Duio e Santa María de Fisterra**

Superficie: **363756 m²**

Clasificación do Solo: **SRPC, SRPEN, SRPA, SRPAg.**

Sector: **Costas de Touriñán e Fisterra**

Ámbito no que se xeran IMPACTOS provocados polo crecemento do núcleo de Fisterra cara a esa zona, polo que é preciso ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais rurais e sen funcións urbanas, co risco de impedir a contemplación do horizonte litoral.

Os OBXECTIVOS fixados para o ámbito delimitado son os seguintes:

- Favorecer a permeabilidade e conectividade visual coa costa, de maneira que non se formen pantallas arquitectónicas, principalmente desde o Camiño de Santiago.
- Mellorar a imaxe do bordo costeiro evitando así a súa ocupación.
- Favorecer a conectividade e funcionalidade dos hábitats.
- Restituir a paisaxe natural e rural, dotándoa da funcionalidade e estrutura que lle son propias, mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.
- Favorecer a integración do ámbito no seu contorno natural ou rural próximo mediante a incorporación de elementos naturais (ríos, regatos, masas arborizadas, etc.).
- Preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatibles coa capacidade de carga do territorio ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.

MEDIDAS:

Redactarase un plan especial do ámbito coa finalidade de aportar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente as actuacións existentes, polo que o documento contará cun Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) de conformidade co establecido no artigo 71.3.c do POL, e abordará as cuestións sinaladas no artigo 82 do POL. Dito plan someterase ao correspondente informe da consellería competente sobre a adecuación da proposta ás determinacións do POL.


Asemade, o plan especial analizará a capacidade de aparcadoiros ás que se refire o apartado 5.8.1.2 da memoria do presente PXOM para a Praia de Mar de Fóra e de ser necesario, delimitará o espazo necesario para a súa ubicación.

O plan especial deste ámbito será sometido ao correspondente informe da consellería competente sobre a adecuación da proposta ás determinacións do POL.

Reportaxe fotográfica:

Fonte da foto oblicua, Plan de Ordenación do Litoral,
<http://www.xunta.es/litoral/web/index.php/descargables>





Número de ficha: **2**

Ámbito de recualificación: **Langosteira**

Parroquia: **San Martiño de Duio e Santa María de Fisterra**

Superficie: **104886 m²**

Clasificación do Solo: **SRPC, SRPI, SRPA, SRPAG.**

Sector: **Seo de Corcubión**

Ámbito no que se xeran IMPACTOS principalmente pola creación dunha fachada litoral ao longo da estrada AC-445 e de viarios secundarios en dirección á costa, polo que é preciso ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares na fronte costeira desvinculadas dos núcleos fundacionais e sen funcións urbanas, co risco de impedir a contemplación do horizonte litoral. Trátase polo tanto de mellorar a calidade escénica e ambiental do conxunto.

- Os OBXECTIVOS fixados para o ámbito delimitado son os seguintes:
- Favorecer a permeabilidade e conectividade visual coa costa, de maneira que non se formen pantallas arquitectónicas.
 - Mellorar a imaxe do bordo costeiro evitando así a súa ocupación.
 - Favorecer a conectividade e funcionalidade dos hábitats.
 - Restituir a paisaxe natural, urbana, dotándoa da funcionalidade e estrutura que lle son propias, mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.
 - Mellorar a calidade da escena urbana a partir da recualificación do espazo público favorecendo a xeración de espazos de cohesión.
 - Favorecer a integración do ámbito no seu contorno natural ou rural próximo mediante a incorporación de elementos naturais (ríos, regatos, masas arborizadas, etc.).
 - Preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatibles coa capacidade de carga do territorio ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.
 - Establecer unha regulación que garanta os criterios de idoneidade, sostibilidade e calidade establecidos no POL.

MEDIDAS:
Redactarase un plan especial do ámbito coa finalidade de aportar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente as actuacións existentes, polo que o documento contará cun Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) de conformidade co establecido no artigo 71.3.c do POL, e abordará as cuestións sinaladas no artigo 82 do POL.

Asemade, terá en conta o proxecto de urbanización da recta da Anchoa, delimitado no PXOM como Actuación Illada (AI-03), e identificará as prazas de aparcadoiro ás que se refire o apartado 5.8.1.2 da memoria do presente PXOM para a Praia de Langosteira e de ser necesario, delimitará o espazo necesario para a súa ubicación.

O plan especial deste ámbito será sometido ao correspondente informe da consellería competente sobre a adecuación da proposta ás determinacións do POL.

Reportaxe fotográfica:

Fonte da foto oblicua, Plan de Ordenación do Litoral,
<http://www.xunta.es/litoral/web/index.php/descargables>

